

## SUBVENCIONES DEPUTACIÓN A CORUÑA - PEL EMPRENDE ACTIVIDADES 2018

### **BENEFICIARIOS**

Persoas físicas e xurídicas promotoras de iniciativas empresariais, no ámbito provincial da Coruña e, cunha antigüidade máxima de 10 anos.

### **FINALIDADE E OBXETO**

Axudas para a realización de novos proxectos nos que se subvencionarán actividades e/ou actuacións de consultaría, titorización, formación e/ou mentorización relacionadas coa mellora ou implantación de medidas de **responsabilidade social empresarial, marketing e comunicación, e expansión de mercados**. Medidas destinadas a implantar cambios e/ou ideas innovadoras que supoñan unha clara diversificación da actividade na empresa e incidan positivamente na mellora do posicionamento da empresa.

Subvencionaranse os gastos relativos a colaboracións externas, asistencia técnica, gastos externos de auditoría, consultaría, titorización, mentorización, formación e actividades ou actuacións relacionadas con melloras nos seguintes ámbitos:

<b>Responsabilidade social empresarial</b>
Neste apartado subvencionarase as actividades ou actuacións relacionadas coa responsabilidade social empresarial nos seguintes ámbitos
<ul style="list-style-type: none"><li>• RSE no Medio ambiente (actividades que impulsen a transición cara a unha economía circular, cultura de reciclaxe, uso de recursos e tecnoloxías ecolóxicas, uso racional dos</li><li>• RSE na Calidade (implantar sistemas para medir a satisfacción da clientela, uso de novas tecnoloxías que axuden a mellorar a xestión, implantación de sistemas de calidade...)</li><li>• RSE e la Igualdade entre mulleres e homes (conciliación da vida laboral e familiar, igualdade retributiva...) e igualdade de oportunidades para colectivos en risco de exclusión</li><li>• RSE no Emprego (medidas relacionadas coas políticas de contratación, co clima laboral, a prevención de riscos laborais ...)</li><li>• RSE coa Contorna e Comunidade (medidas que melloren a xestión financeira e que permitan pagar antes aos provedores, colaboración en programas de prácticas, apoio a</li></ul>
<b>Márketing e comunicación</b>
Elaboración dun plan conxunto de márketing e/ou comunicación, deseño de webs, deseños de estratexias SEO para a web/ blog, melloras na posición da marca, mellora na reputación corporativa da empresa, estudos de mercado, melloras nas canles de distribución, presenza en feiras, elaboración de folletos.
<b>Competitividade e expansión</b>
Actuacións encamiñadas a impulsar programas de asesoramento individualizado para a iniciación e a consolidación exterior, organización e/ou participación en encontros ou feiras empresariais, apertura de novos canles de vendas, diversificación de produtos, formación dos traballadores/as en mercados intencionais ou comercio exterior...

## **CONTÍAS E CONCEPTOS DE GASTOS SUBVENCIONABLES**

As actividades para desenvolver deberán ser realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2018. As entidades poderán presentar un orzamento mínimo de gasto de 2.500€ e máximo de 6.000€ (excluído IVE), o coeficiente máximo a solicitar e dun 80%, de forma xeral o importe máximo a conceder de 4.800€.

Esta contía incrementárase nun 5% sobre a axuda solicitada, nos seguintes supostos, que a persoa promotora sexa muller, no caso de discapacidade igual ou superior ao 33% e, no caso de que o centro de traballo estea situado nun concello menor de 20.000 habitantes. O importe máximo a conceder de acumularse estes supostos sería de 5.520€.

O concepto do gasto subvencionable nesta liña será o seguinte:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA
	<b>Servizos profesionais independentes</b>
623	(Contratacións externas para a realización de actividades relacionadas cos ámbitos de actuación)

## **XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN**

O prazo de xustificación das subvencións será o 28 de febreiro de 2019. O pago da subvención será realizado nun único pago, despois da presentación da documentación xustificativa (declaración gastos, memoria actividades, publicidade, facturas, etc.). No caso de que as facturas non estivesen pagas no momento da presentación da documentación xustificativa, o prazo para o pago das facturas correspondentes aos gastos realizados será de 1 mes dende o ingreso da subvención.

Quedamos a seu dispor para ampliar información sobre esta e outras convocatorias de axudas públicas que poidan resultar do seu interese.

Atentamente,

CENDAL ASESORES, SL  
En Ferrol a, 10 de abril de 2018